

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

Asunto

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO E SISTEMA DE CONCURSO DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA O ASESORAMENTO E COLABORACIÓN NA INSPECCIÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATURALEZA URBANA DO CONCELLO DE SANTIAGO

1.- OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do contrato constitúeo as prestacións descritas no punto 1 da carátula deste Prego de cláusulas Administrativas particulares.

O obxecto definido corresponderalle o código da nomenclatura da Clasificación Nacional de Productos por Actividades 1996 (CNPA-1996), aprobada polo Real decreto 81/1996, de 26 de xaneiro e, no seu caso, a codificación correspondente á nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea de 30 de xullo de 1996, publicada no "Diario Oficial das Comunidades Europeas" L 222 y S 169, ambos de 3 de setembro de 1996.

2.-. ORZAMENTO DO GASTO. EXISTENCIA DE CRÉDITO. PREZO DO CONTRATO. REVISIÓN DE PREZOS.

2.1.- Orzamento do gasto: O orzamento do gasto establecido por esta Administración municipal para o presente contrato é o que figura no punto 2 da carátula deste Prego.

2.2.- Existencia de crédito: Na partida do Orzamento municipal que figura no punto 3 da carátula deste Prego.

2.3.- Prezo do contrato: O sistema de determinación do prezo establecido por esta Administración municipal para o presente contrato é o que figura no punto 2 da carátula deste Prego.

2.5.- Revisión de prezos: Consonte co punto 4 da carátula non procede.

3.- PRAZO DO CONTRATO.

3.1.- Prazo do contrato: O prazo do contrato é o fixado no punto 5 da carátula deste Prego.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

3.2.- Prazos de cumprimento parcial: Estarase ao previsto no punto 6 da carátula deste Prego.

3.3.- Prórroga do Contrato: o punto 7 da carátula deste Prego preve expresamente que este contrato non se prorrogará.

De acordo co disposto polo artigo 198.1 do TRLCAP, as prórrogas deste contrato non poderán ser concertadas, aislada ou conxuntamente, por un prazo superior ó fixado orixinariamente para o contrato.

4.- PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

4.1.- Procedemento de adxudicación: A adxudicación do presente contrato levarase a cabo polo procedemento de adxudicación aberto previsto no artigo 73.2 do TRLCAP, o que consta no punto 8 da carátula deste Prego.

4.2.- Forma de adxudicación: Consonte co disposto no artigo 75 do TRLCAP e no punto 9 da carátula deste Prego, a forma de adxudicación do presente contrato é o concurso, regulada nos artigos 85 a 90 do TRLCAP citado, en relación co 208.3 do mesmo texto legal.

5.- TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

5.1.- Tramitación do expediente: Estarase o previsto no punto 12 deste Prego.

5.2.- Tramitación anticipada: Estarase ó previsto no punto 13 da carátula deste Prego.

Cando o contrato se formalice no exercicio anterior ao do inicio da súa execución e con independencia de que aquela se extenda a unha ou a varias anualidades, a adxudicación do contrato quedará sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

5.3.- Órgano de contratación: Estarase ao previsto no punto 14 da carátula deste Prego.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

O órgano de contratación ten a prerrogativa de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo pr razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta conforme ás previsións establecidas nos Pregos aprobados, dentro dos límites e con suxección aos requisitos e efectos establecidos no TRLCAP.

Os acordos dictados ao abeiro das prerrogativas que ostenta o órgano de contratación serán adoptados con audiencia do contratista, porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

6.- NATUREZA E REXIME XURÍDICO.

6.1.- Natureza: O contrato que se realice conforme a este Prego terá carácter administrativo, segundo o establecido no artigo 5.2 do TRLCAP.

6.2.- Réxime xurídico:

1).- *Xeral:*

De conformidade con establecido no artigo 7 do TRLCAP, o réxime xurídico de aplicación xeral a este contrato é o seguinte:

.- O Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas –TRLCAP-.

.- O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

.- Por aquelas disposicións que regulen a contratación administrativa ou algún dos seus aspectos, xa sexa o seu ámbito de aplicación estatal, ou da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que resulten aplicables ao ámbito da Administración Local.

.- Pola Lei da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, en canto non se opoña a o establecido no TRLCAP.

.- Pola restantes normas do Dereito Administrativo e, no seu defecto, polas do Dereito Privado.

2).- *Específico:*

O réxime xurídico de específica aplicación a este contrato é o seguinte:

.- As cláusulas contida nos Pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados para rexer este contrato, incluso os seus respectivos anexos, e as especificacións recollidas nas carátulas de ditos Pregos.

.- O título IV do libro II do TRLCAP.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

No caso de contradicción entre as cláusulas do presente Prego de Cláusulas administrativas particulares, a súa carátula e anexos co Prego de prescricións técnicas e/ou outra documentación que se incorpore ao expediente, prevalecerá o disposto neste Prego de cláusulas administrativas particulares, a súa carátula e anexos.

7.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN E DOCUMENTACIÓN ESIXIDA.

7.1.- Presentación de proposicións:

1.- *Disposicións xerais:*

Poderán presentar proposicións ao concurso, que para a adxudicación do presente contrato se convoque conforme a este Prego, as persoas naturais e xurídicas, españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar, e que a súa finalidade e/ou actividade teña relación directa co obxecto deste contrato, segundo resulte do obxecto ou obxectos sociais consignados nas respectivas escrituras de constitución ou modificación, estatutos, acto e/ou regras fundacionais, extremos, todos eles que deberán acreditar consonte co disposto no apartado 7.3 deste Prego.

Así mesmo, deberán acreditar, en relación co presente contrato e na forma que establece o citado apartado 7.3 do Prego, que teñen a solvencia económica e financeira, técnica ou profesional, esixida no punto 16 da carátula deste Prego.

Deberán acreditar, igualmente, a disposición dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto, conforme co establecido polo artigo 24 do TRLCAP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e solvencia, na forma que establece o apartado 7.3 deste Prego. A duración das unións temporais de empresarios será, como mínimo, coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Non poderán concurrir á licitación as persoas en quen concurra algunha das circunstancias previstas no artigo 20 do TRLCAP, o que se acreditará conforme co previsto ao efecto polo apartado 7.3 deste Prego.

Tampouco poderán concorrer á licitación as empresas que participaran na elaboración das especificacións técnicas do contrato, sempre que dita participación

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

poida provocar restriccións a libre concorrència ou supoñer un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras.

Na presente licitación, cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixeron individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas polo licitador dará lugar á non admisión de todas as propostas por él subscritas.

A presentación de proposicións presume a aceptación incondicionada, por parte do licitador, das cláusulas deste Prego coas especificacións da súa carátula e anexos correspondentes, así como do resto dos documentos contractuais, na súa totalidade e sen salvedade ningunha. Así mesmo, presume a declaración responsable da exactitude de todos os datos presentados e de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para a contratación das prestacións que configuran o obxecto deste contrato.

2.- Prazo e lugar de presentación de proposicións:

Para participar na licitación que se convoque consonte con este Prego, os licitadores deberán presentar dous sobre pechados, A e B, dentro do prazo de presentación de proposicións e nas dependencias que se indican no punto 15 da carátula deste Prego, así como no anuncio de licitación que ao efecto se publique

3.- Forma de presentación de proposicións:

Os sobres A e B, conterán a documentación que nos apartados seguintes 7.2 e 7.3, se indica para cadan seu, e deberán estar os dous, necesariamente asinados polo licitador ou persoa que o represente, especificando ambos sobres nos seus respectivos anversos, de forma lexible: o nome da empresa, o nome e apelidos de quen asine a proposición e o carácter co que o fai.

Aos mesmos efectos de identificación, no anverso de cada sobre consignarase, ademáis, a licitación a que se concorre, mediante a descripción do obxecto do contrato, empregando as fórmulas seguintes:

SOBRE "A": "PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN TÉCNICA PARA TOMAR PARTE NO CONCURSO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA PARA O ASESORAMENTO E COLABORACIÓN NA INSPECCIÓN DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATURALEZA URBANA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CON/198/2005"

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

SOBRE "B": "DOCUMENTACIÓN XERAL PARA TOMAR PARTE NO CONCURSO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DE CONSULTORIA E ASISTENCIA TÉCNICA PARA O ASESORAMENTO E COLABORACIÓN NA INSPECCIÓN DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATURALEZA URBANA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CON/198/2005"

No caso de que a proposición se envíe por correo, o licitador deberá xustificar a data e hora de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao Órgano de contratación dentro do prazo establecido para a presentación das proposicións a remisión da oferta, mediante télex, fax, telegrama e, de atoparse operativo, por correo electrónico. O envío do anuncio por correo electrónico só será válido se existe constancia da transmisión e recepción, das súas datas e do contido integro das comunicacións e se identifica de xeito indubitado ao remitente e ao destinatario.

Neste suposto, procederáse á obtención de copia impresa e ao seu rexistro, que se achegará ao expediente.

Sen a concorrencia de ambos requisitos ou se a comunicación da remisión é recibida con posterioridade ao transcurso do prazo de presentación de proposicións, a oferta non será admitida.

Cando os licitadores empreguen o medio de presentación previsto no parágrafo anterior, a Mesa de contratación cualificará o xustificante recibido en prazo a través dos medios de comunicación previstos e, de entenderse admisible, suspenderá a apertura das proposicións presentadas polo resto de licitadores no rexistro municipal correspondente ata a recepción, no seu caso, das proposicións enviadas por correo.

Transcorridos, non obstante, os dez días naturais seguintes a cualificación pola Mesa de contratación do xustificante sen recibirse a proposición, ésta non será admitida en ningún caso.

Unha vez entregada ou remitida a documentación non pode ser retirada, salvo que a retirada da proposición sexa xustificada.

Se algún licitador retira a súa proposición inxustificadamente antes da adxudicación, procederáse á execución da garantía provisional na forma sinalada no artigo 62.1 do regulamento xeral da LCAP; a estes efectos e de conformidade co disposto no apartado 2 do citado artigo, a falta de contestación a solicitude de información a que se refire o artigo 83.3 do TRLCAP, ou o recoñecemento por parte do licitador de que

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

a súa proposición adolece de erro, ou inconsistencia que a fan inviable, terá a consideración de retirada inustificada da proposición.

Os sobres A e B conterán a documentación que os apartados seguintes 2 e 3 indican para cadanseu; ademáis no interior de cada sobre se fará constar en folla independente o seu contido, enunciado numéricamente.

7.2.- Documentación a incluír no SOBRE "A": PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN TÉCNICA.

1.- Proposición económica.

O sobre conterá unha soa proposición asinada polo licitador ou persoa que o represente, redactada conforme ao modelo que figura como anexo I deste Prego.

O prezo ofertado, comprenderá todo tipo de gastos, como son, a modo indicativo, os de transporte e comunicacións, indemnizacións por desprazamentos, dietas, traballos subcontratados, equipos especiais, materiais, documentación, edición, publicación, fotocopias, etc., incluso a entrega das prestacións obxecto do contrato no lugar convindo, tributos e, no seu caso, prezos públicos; especialmente o Imposto sobre o valor engadido (I.V.E.) correspondente, e de resultaren de aplicación ao contrato, os gastos xerais e de beneficio industrial.

2.- Documentación técnica.

No caso de que así este previsto no punto 11 da carátula deste Prego, os licitadores, xunto coa proposición económica deberán presentar a documentación que no citado punto se indique.

Se algún licitador non aporta a documentación relativa a algún ou algúns dos conceptos que se inclúen entre os criterios obxectivos da adxudicación do contrato establecidos polo punto 11 da carátula deste Prego, ou se a documentación presentada non contén todos os requisitos esixidos no parágrafo seguinte, a proposición de este licitador non será valorada respecto do concepto de que se trate.

A citada documentación, para ser tida en conta, deberá estar subscrita na súa totalidade polo licitador, ou ir acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador.

7.3.- Documentación a incluír no SOBRE "B": DOCUMENTACIÓN XERAL.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

1/- Documento nacional de identidade ou escrituras de constitución ou modificación, estatutos ou acto fundacional.

Cando o licitador sexa un empresario individual, o documento nacional de identidade(D.N.I.) de quen presente a proposición ou, no seu caso, o documento que o substitúa.

Cando o empresario sexa unha persoa xurídica, a escritura de constitución ou de modificación, no seu caso inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa plicable. Se non o fora, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante escritura ou documento de constitución ou de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.

2/- Escritura de outorgamento de poder.

Cando o licitador non actúe no seu nome, senón a través de representante, éste deberá aportar apoderamento bastante para representar á persoa no nome no que actúa.

O poder deberá constar en documento que faga fe acreditativo da existencia de representación, e das facultades para licitar; deberá, no seu caso, estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil; e será bastanteado polo Secretario Xeral do Concello de Santiago de Compostela, polo titular da asesoría xurídica, ou funcionario no que delegue.

3/- Acreditación da solvencia económica e financeira e técnica do Contratista.

Achegarase a documentación que acredite o cumprimento das condicións de solvencia económica e financeira e, técnica ou profesional.

A solvencia das unións temporais de empresas determinarase conforme co disposto no artigo 24 do Regulamento xeral da LCAP

.a.- Solvencia económica e financeira.

A xustificación da solvencia económica e financeira poderá acreditarse por calquera dos medios previstos ao efecto no artigo 16 do TRLCAP, e que de seguido se recollen:

- informe de institucións financieras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

- Tratándose de sociedades, presentación de balances anuales ou extractos de balances, no suposto de que a publicación destes sexa obrigatoria no Estados donde aquelas se atopan establecidas.
- Declaración relativa á cifra de negocios global, servicios ou traballos realizados pola empresa no curso dos tres últimos exercicios.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas, poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira con calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

.b.- Solvencia técnica ou profesional.

A xustificación da solvencia técnica ou profesional poderá acreditarse por algúns dos medios seguintes:

- Una descripción do equipo técnico e unidades técnicas participantes no contrato, estean ou non integrados directamente na empresa do contratista.
- Titulacións académicas e profesionais dos empresarios e do persoal de dirección da empresa e, en particular de cada membro do equipo responsable da execución do contrato.
- Unha relación dos principais servicios e traballos relacionados co obxecto deste contrato realizados para as Entidades locais polos responsables da execución do contrato nos últimos tres anos que inclúa importes, datas e beneficiarios públicos das mesmas.
- Unha declaración do material, instalacións e equipo técnico do que dispoña o empresario para a realización do contrato.
- Unha declaración que indique o promedio anual de persoal e plantilla de persoal directivo durante os últimos tres anos.

4.- Declaración responsable.

Unha declaración responsable asinada polo licitador ou persoa que o represente de non estar incurso en prohibición de contratar.

A declaración responsable a que se refire o artigo 79.2 b) do TRLCAP comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse o día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, así como a inexistencia de débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela.

Aos efectos da debida formalización da declaración esixida polo citado artigo 79.2 b) do TRLCAP, inclúese modelo de declaración responsable, como anexo II deste Prego.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

Para a presentación da xustificación acreditativa de todos os extremos que figuran na declaración responsable, unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de contratación, e antes de que se adopte o acordo ou resolución oportuna, concederáse ao contratista proposto como adxudicatario un prazo máximo de cinco días hábiles para aportar a documentación seguinte:

- Acreditación da non concorrencia das circunstancias sinaladas no artigo 20 do TRLCAP, en relación co Concello de Santiago de Compostela.
- Certificacións administrativas de carácter positivo expedidas polas Facendas que correspondan e polo órgano competente da Seguridade Social co alcance previsto no Regulamento xeral da LCAP.
- Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto sobre actividades económicas, a acreditación farase mediante a presentación da alta en dito Imposto, referida ao exercicio corrente, ou do último recibo do Imposto, completado con unha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do imposto.
- Certificación expedida pola Tesourería municipal acreditativa de que o licitador non ten debidas pendentes co Concello de Santiago de Compostela.

Non obstante, cando a empresa non esté obrigada a presentar as declaracións ou documentos a que se refiren os artigos 13 e 14 do Regulamento xeral da LCAP, acreditaráse esta circunstancia mediante declaración responsable.

As certificacións serán expedidas polo órgano competente nun prazo máximo de catro (4) días hábiles, quedando na sede de dito órgano a disposición do solicitante. No caso de non expedirse a certificación no indicado prazo ou se, unha vez publicado o anuncio de licitación, dito prazo superase o requerido ás empresas licitadoras para a presentación de proposicións, poderán presentarse cos mesmos efectos as solicitudes dos certificados, se prexuízo da obriga de presentar os correspondentes certificados pola empresa adxudicataria, con anterioridade á adxudicación.

5.- Garantía provisional.

Consonte co disposto polo artigo 35 do TRLCAP, se estará ao disposto no punto 18 da carátula deste Prego.

6.- Unión temporal de empresas.

Cando dúas ou máis empresas presenten oferta conxunta de licitación constituíndo agrupación temporal, deberán achegar escrito denominado "compromiso de U.T.E." suscrito polos empresarios que constituían a unión temporal.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

Cada unha das empresas acreditará a súa personalidade e capacidade, e no “compromiso” indicaranse os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriben a unión, a participación de cada un deles, o nomeamento da persoa ou entidade que durante a vixencia do contrato ostentará a plena representación de todos fronte á Administración, e o compromiso de constituirse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Aos efectos sinalados inclúese modelo do escrito como anexo III deste Prego.

7.4.- Notas aclaratorias sobre a presentación da documentación.

- .- O licitador presentará a documentación esixida en calquera das dúas lingüas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- .- Tódolos documentos esixidos, presentados polos licitadores, deberán ser orixinais ou estar debidamente compulsados.
- .- As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á xurisdicción dos xulgados e tribunais españoles de calquera orde para todas as incidencias que, de feito directo ou indirecto, poidesen xurdir do contrato, e con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que poidese corresponder ao licitante.
- .- Transcorrido o prazo de tres meses desde a adxudicación, a Administración poderá dispoñer sobre a destrución da documentación aportada polos licitadores cando estes non procederán a súa retirada.

7.5.- Veracidade dos datos.

A Administración poderá comprobar, tanto antes como despois da adxudicación e no curso do contrato, a veracidade do contido dos documentos incluídos nos Sobres “A” e “B”. A falsedade dos datos e circunstancias presentados pola empresa e, en particular, as tidas en conta para a adxudicación, poden ser causa de nulidade do contrato, por incumprimento imputable ao contratista, con perda das garantías constituídas e indemnización, se procedera, polo valor daquelas se non se constituíran, debendo indemnizar, ademais, a Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía ou garantías incautadas.

8.- MESA DE CONTRATACIÓN.

8.1.- Composición.

De conformidade co previsto no artigo 81 do TRLCAP, a mesa de contratación estará integrada de acordo co previsto no punto 14 da carátula deste Prego.

8.2.- Constitución.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

A mesa constituirase ás doce horas do segundo día hábil seguinte, non sábado, a aquel no que remata o prazo de presentación de propostas. A convocatoria da mesa para o acto público de apertura de proposicións, e no seu caso, documentación técnica, incluídas no sobre “A”, realizarase na mesma data en que teña lugar a apertura dos sobres “B”, e terá lugar en acto inmediatamente posterior ao do exame e cualificación da documentación xeral incluída neste último sobre “B”, sempre que se preveera tal facultade no punto 19 da carátula deste Prego e no anuncio de licitación correspondente.

A mesa poderá convocarse con carácter extraordinario, a dito efecto serán debidamente convocados os licitadores por telefax ou correo electrónico.

Así mesmo, tamén poderán realizarse convocatorias condicionadas ao resultado da cualificación da documentación xeral.

9.- APERTURA DE PROPOSICIÓNS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

9.1.- Apertura de proposicións.

1/- Exame e cualificación previa da documentación xeral incluída no sobre “B”.

.a.- Apertura dos sobres: A mesa de contratación, con carácter previo, examinará o contido dos sobres “B” e cualificará os documentos presentados polos licitadores en tempo e forma.

Aos efectos expresados, será convocada a mesa de contratación que, unha vez constituída, actuará do seguinte modo, o Presidente ordeará a apertura dos sobres “B”, seguindo a orde de inscrición de proposicións no Libro Rexistro correspondente, con exclusión dos sobres “A” relativos á proposición económica e documentación técnica. A mesa procederá ao exame e cualificación da documentación xeral incluída polos licitadores nos citados sobres “B”. De resultar necesario, o Secretario da mesa certificará, a relación de documentos que figuren en cada un dos sobres.

.b.- Efectos da non presentación ou presentación defectuosa da documentación xeral: A non presentación de algún dos documentos esixidos ou a presentación dos mesmos en forma distinta á requerida por este Prego, a súa carátula e anexos poderá dar lugar á declaración, por parte da mesa de contratación, de exclusión da proposición do procedemento de adxudicación.

A mesa de contratación rexeitara, en todo caso, as proposicións ás que non se achegue no sobre “B” a garantía provisional, ou o seu resguardo acreditativo, polo

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

importe requerido no punto 18 da carátula deste Prego, no caso de que a súa constitución sexa esixida conforme ao establecido no apartado 7.3 do mesmo.

.c.- Subsanación de defectos ou omisións subsanables na documentación xeral: Sen prexuízo da facultade prevista no artigo 22 do Regulamento xeral da LCAP, se a mesa observara defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicarao verbalmente aos interesados, e lles concederá un prazo non superior a tres (3) días hábiles para que os corrixan ou subsanen ante a mesa de contratación.

Aos efectos sinalados, e sen prexuízo de que as circunstancias reseñadas se fagan públicas a través do Taboleiro de anuncios do Concello, o Secretario da mesa, a ser posible por telefax ou correo electrónico, practicará a correspondente notificación no mesmo día no que se efectuou a apertura dos sobres "B".

Deixarase constancia na Acta correspondente de todo o actuado e, se a mesa acordara conceder a algún ou a algúns dos licitadores prazo para subsanación dos defectos ou omisións observados na documentación, darase conta a mesa, no momento oportuno, do resultado do trámite realizado ao efecto.

.d.- Admisión de licitadores: Cumprido o trámite de exame e cualificación da documentación xeral, e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións na documentación presentada, a mesa realizará un pronunciamento expreso sobre os admitidos a licitación, os rexeitados, e sobre as causas do rexeitamento.

2/- Apertura das proposicións económicas e documentación técnica incluída nos sobres "A".

.a.- Inicio do acto público de apertura de proposicións: En acto público, a mesa de contratación procederá á apertura dos sobres "A", comprensivos da proposición económica e documentación técnica presentada polos licitadores.

Comezará o acto de apertura dándose lectura ao anuncio do concurso, procedéndose de seguido ao reconto das proposicións presentadas e a súa confrontación cos datos que figuren nos certificados extendidos, caso de resultar necesario, pola xefe de servizo de contratación e servizos. Posteriormente darase coñecemento ao público do número de proposicións recibidas e nome dos licitadores, dando ocasión aos interesados para que poidan comprobar que os sobres "A" atopanse na mesa nas mesmas condicións en que foron entregados.

A continuación, o Presidente fará público o resultado da cualificación da documentación xeral presentada, á que se refire o subapartado 9.1 deste Prego, con expresión das propostas admitidas, das rexeitasdas e das causas do rexeitamento.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

As ofertas correspondentes a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato, e os sobres que as conteñan non se poderán abrir.

.b.- Desenvolvemento do acto público de apertura de proposicións: Antes da apertura da primeira proposición, invítase aos asistentes a que manifesten as súas dúbidas ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola mesa as aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregaran durante o prazo de admisión de proposición, ou o de corrección ou subsanación de defectos ou omisións ao que se refire o subapartado 9.1 deste Prego.

Procederáse, inmediatamente despois, á apertura das proposicións admitidas e a súa lectura pola orde de inscrición no Libro Rexistro.

Durante a apertura de proposicións non se admitirán observacións que interrompan o acto.

.c.- Rexeitamento de proposicións: Serán rexeitadas, en resolución motivada, as proposicións que:

- Teñan contradicións, omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer con claridade o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta.
- Non garden concordancia coa documentación examinada e admitida.
- Excedan do presuposto base de licitación, se ben serán admisibles aquelas que o igualen.
- Varíen substancialmente o modelo de proposición económica establecido no anexo I deste Prego.
- Comporten erro manifesto no importe ou importes do prezo ou, no seu caso, prezos unitarios ofertados.
- Existira recoñecemento por parte do licitador de que adolece de erro ou inconsistencia que a fan inviable.
- Carezan de asinatura.
- Presenten contradición ou falta de concordancia entre as cantidades expresadas en cifras e as expresadas en letra, cando así o requira o modelo de proposición económica.
- Poñan de manifesto a falta de adecuación entre o obxecto ou obxectos sociais do licitador e o obxecto deste contrato, segundo se deduza dos correspondentes estatutos sociais ou regras fundacionais.

.d.- Remate do acto público de apertura de proposicións: Realizada a lectura das proposicións económicas admitidas e, examinada a documentación técnica presentada ao efecto, a mesa de contratación poderá invitar, se resulta pertinente,

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

aos licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas en contra do acto celebrado.

As observacións e reservas ao acto deberán formularse por escrito no prazo máximo de dous días hábiles seguintes ao daquel acto e dirixiranse ao órgano de contratación, que, previo informe da mesa de contratación, resolverá o procedemento, con pronunciamento expreso sobre as reclamacións presentadas, na adxudicación do contrato.

.e.- Solicitud de informes pola mesa de contratación, e presentación dos mesmos: Celebrado o acto de apertura de proposicións, as declaradas admitidas pasarán, se así o entende pertinente a mesa de contratación, aos servicios técnicos competentes, para que procedan ao seu estudio. Os servicios técnicos, tendo en conta os criterios obxectivos de adxudicación establecidos no punto 10 da carátula deste Prego, a ponderación e demais extremos que, no seu caso, o citado punto estableza en relación con cada un deles, emitirán informe sobre a maior ou menor ventaxa das proposicións, con expresión, no seu caso, da que ao seu xuízo técnico sexa a máis beneficiosa no seu conxunto para os intereses municipais, ou ben, que ninguna delas reúne as condicións esixidas polos Pregos aprobados, carátulas e anexos correspondentes.

O anterior, sen prexuízo de que consonte co disposto no artigo 81.2 do TRLCAP a mesa de contratación poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos en orde á adxudicación.

Darase conta do informe ou informes emitidos á mesa de contratación, ao efecto de que ésta eleve, se o estima oportuno, ao órgano de contratación a proposta que teña por conveniente.

3/- Das actas.

Levantarase acta que recolla de xeito sucinto, pero fiel, todo o sucedido. A acta asinarase polos membros da mesa de contratación presentes no acto. Se ben, de inmediato, extenderase certificación da mesma subscribida polo secretario da mesa, en orde a continuar sen dilación a tramitación do expediente administrativo.

Na acta constarán, así mesmo, as reclamacións ou reservas que presentarán os licitadores ao abeiro do disposto no artigo 87 do regulamento xeral da LCAP, neste caso tamén asinaran a acta.

9.2.- Proposta de adxudicación.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

A mesa de contratación, sen máis trámite, elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, con base nos criterios obxectivos de adxudicación indicados no punto 10 da carátula deste Prego, así como á ponderación e demais extremos que, no seu caso, o citado punto estableza en relación a cada un dos criterios. A mesa de contratación poderá, así mesmo realizar aquelas observacións que estime oportunas. Todo isto sen prexuízo da posibilidade de que a proposta consista en declarar deserto o concurso.

Mentras non se adxudique o contrato por acordo ou resolución do órgano de contratación, a proposta de adxudicación non crea dereito ningún a prol do empresario proposto fronte a administración.

10.- ADXUDICACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO CONTRATO.

10.1.- Adxudicación.

A Administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato ao licitador que, no seu conxunto, faga a proposición máis ventaxosa, sen atender exclusivamente ao prezo da mesma, sempre de conformidade cos criterios obxectivos de adxudicación establecidos no punto 10 da carátula deste Prego, mediante a aplicación da ponderación e demais extremos que, no seu caso, o citado punto estableza en relación con cada un deles, ou declarar deserto o concurso, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación citados. Todo isto, sen prexuízo das facultades que ao órgano de contratación lle atribue o artigo 93.6 do TRLCAP.

O acordo do órgano de contratación acomodarse á proposta de adxudicación realizada pola mesa de contratación agás nos supostos previstos no artigo 83 do TRLCAP, ou cando non se aportaran polo licitador proposto como adxudicatario a acreditación de todos os extremos comprendidos nas declaracións responsables as que se refire o apartado 7 deste Prego, con especial referencia ao cumprimento das súas obrigas fiscais e de Seguridade social.

Cando a mesa de contratación efectuara a proposta de adxudicación con infracción do ordeamento xurídico, a convocatoria quedará sen efecto, agás que a infracción afecte exclusivamente ao licitador proposto coma adxudicatario, neste caso a adxudicación poderá producirse a prol do seguinte postor non afectado pola infracción e que acredite o cumprimento dos extremos esixidos por este Prego en relación co cumprimento das súas obrigas fiscais e de Seguridade social, previo informe, neste caso, do servizo xurídico correspondente.

De producirse o suposto de non acreditación dos extremos comprendidos nas declaracións resonsables as que se refire o apartado 7 deste Prego, a

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

Administración poderá adxudicar o contrato ao licitador ou licitadores seguintes a aquél, pola orde de maior ventaxa das súas ofertas, sempre que isto fora posible, antes de proceder a unha nova convocatoria, contando coa conformidade do novo adxudicatario e a acreditación, no seu caso, por parte deste último dos extremos requeridos en relación co cumprimento das súas obrigas fiscais e de Seguridade social.

O órgano de contratación, previos os informes técnicos que considere pertinentes, adxudicará o contrato no prazo máximo de tres meses a contar desde a apertura das proposicións.

De non dictarse o acordo de adxudicación dentro do prazo, os empresarios admitidos a concurso terán dereito a retirar a súa proposición e a que se lles devolva ou cancele a garantía que prestaran.

10.2.- Perfeccionamento do contrato.

O contrato perfeccionarase mediante a adxudicación realizada, a través do acordo ou resolución correspondente, que no seu caso adopte o órgano de contratación.

11.- OBRIGAS PREVIAS Á FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Notificado o acordo de adxudicación a través de calquera dos medios previstos neste Prego, principalmente por telefax ou correo electrónico, o adxudicatario, dentro do prazo de quince días naturais, se o expediente e de tramitación ordinaria, ou no prazo que se sinale na resolución ou acordo de adxudicación, se o expediente é de tramitación urxente, deberá aportar os seguintes documentos:

.a.- Documento que acredite ter constituída na Tesourería municipal, a disposición da Administración contratante, a garantía definitiva por importe do 4 por 100 do importe de adxudicación. No caso de que se prevea nos puntos 21 e 22 de dita carátula a esixencia de garantía adicional e/ou complementaria, constituirase pola cantidade determinada ao efecto.

A garantía poderá constituirse en metálico, en valores públicos ou en valores privados avalados polo Estado, por unha Comunidade Autónoma, ou por Banco, Caixa de aforros, Cooperativa de crédito ou Sociedade de garantía recíproca debidamente autorizados para operar en España.

Tamén poderá constituirse a garantía mediante aval prestado por Banco, Caixa de aforros, Cooperativa de crédito ou Sociedade de garantía recíproca debidamente

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

autorizados, ou mediante contrato de seguro de caución celebrado con entidade aseguradora autorizada para operar en España no ramo de caución.

O metálico, os títulos, os certificados, o aval ou a póliza do contrato de seguro de caución depositaranse na Tesourería municipal.

.b.- De figurar o adxudicatario dado de alta na matrícula do imposto sobre actividades económicas en municipio ou territorio distinto a aquél no que vaian realizarse as prestacións obxecto deste contrato, deberá matricularse neste último territorio, agás habilitación nacional.

.c.- Acreditación de ter aboado o importe dos anuncios en Boletíns Oficiais e, como máximo, en dous medios de prensa diaria.

.d.- Documentación que acredite que o contratista dispón do seguro de responsabilidade civil que, no seu caso, fora esixible no exercicio da súa actividade.

12.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O documento de formalización do contrato outorgarase dentro do prazo de trinta días naturais a contar desde o seguinte ao de recepción da notificación da adxudicación e terá o carácter de documento administrativo. Non obstante, o contratista poderá solicitar que se eleve a escritura pública, neste caso os gastos de formalización do contrato serán por conta do contratista.

O documento de formalización completarase co presente Prego, a súa carátula e anexos, así como co Prego de prescricións técnicas, que serán subscritos polo adxudicatario, como proba de conformidade, no acto de formalización do contrato.

Cando por causa imputable ao contratista non se poidera formalizar o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, previo o preceptivo trámite de audiencia do interesado, cumprindo os requisitos establecidos pola lexislación vixente. En este suposto procederá a incautación da garantía provisional, no caso de que fora esixible, segundo o punto 18 da carátula deste Prego, así como da indemnización dos danos e prexuízos ocasionados.

13.- COMEZO DOS TRABALLOS.

A data oficial de comezo da prestación ou prestacións obxecto do contrato será a do día seguinte á do asinamento do documento de formalización do contrato. Nos expedientes declarados de urxencia o prazo de execución computarase desde a orde de inicio dada por escrito pola Administración e, no caso de non producirse ésta, desde o día seguinte ao do recibo da notificación da resolución ou acordo de

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

adxudicación, en todo caso, previa prestación polo contratista da garantía ou garantías ás que se refire o punto 11.a) deste Prego.

14.- NORMAS XERAIS.

.a.- O contrato executarase a risco e ventura do contratista.

.b.- O contrato realizarase con estricta suxeición aos Pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados e, no seu caso, a o especificado no programa de traballo. No non previsto nos citados documentos, a execución rexerese polas disposicións establecidas no punto 6 deste Prego relativo ao réxime xurídico de aplicación ao contrato. E, en todo caso, conforme ás instrucións que, por escrito, en execución do contrato, deran os representantes da Administración ao contratista. Isto último sen prexuízo das directrices ou instrucións que o órgano de contratación dera ao contratista en exercicio da súa prerrogativa de interpretación do contrato.

.c.- O contratista queda obrigado a aportar, para a realización da prestación ou prestacións obxecto de contrato, a maquinaria, medios auxiliares e materiais que sexan precisos para a súa boa execución nos prazos fixados no contrato. A Administración poderá rexeitar calquera elemento que considere inadecuado, co dereito do contratista a reclamar fronte a dita resolución diante da Administración no prazo de dez días naturais, a contar da notificacxió de dita resolución.

.d.- A empresa adxudicataria deberá contratar o persoal necesario para atender as súas obrigas. Dito persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, polo que éste terá os dereitos e obrigas inherentes a súa cualidade de patrón e deberá cumprir as disposicións legais vixentes en materia laboral, de seguridade e hixiene no traballo, referidas ao persoal ao seu cargo.

.e.- A dirección e inspección dos traballos corresponde ao Servicio municipal orixe do gasto que promovera o contrato, podendo o Servicio, a través do responsable designado ao efecto, dirixir instrucións ao contratista sempre que non supoñan modificacións das prestacións non autorizadas, nin se opoñan as disposicións en vigor, nin ao presente Prego.

.f.- A prestación ou prestacións realizadas en calquera das súas fases serán propiedade do Concello e éste, en consecuencia, poderá recabar en calquera momento a entrega de parte das prestacións, sempre que sexa compatible co programa definitivo de elaboración e, no seu caso, de execución, e sempre que non afecte ao correcto desenvolvemento dos traballos.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

.g.- Sen prexuízo do disposto no punto 23 deste Prego respecto á protección dos datos, todos os traballos realizados para o bo fin do presente contrato terán carácter confidencial e reservado tanto da información como dos resultados obtidos do traballo realizado. Todos os dereitos de propiedade intelectual e de “copyright” que se poidan derivar dos traballos serán propiedade exclusiva do Concello de Santiago de Compostela, obrigándose as partes a outorgar o documento oportuno, cando éste sexa necesario, para a debida constancia pública deste feito ante calquera Organismo ou Rexistro. O adxudicatario será responsable dos danos e prexuízos que se deriven do incumprimento desta obriga.

.h.- En relación coa execución do pactado, o descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración, non eximirán ao contratista da obriga do seu cumprimento.

.i.- O cumprimento dos prazos de execución do traballo rexeráse polo disposto no artigo 95 do TRLCAP.

15.- ABOAMENTOS AO CONTRATISTA.

O contratista ten dereito ao abono, conforme aos prezos fixados, da prestación ou prestacións que realmente execute, con suxección ao contrato outorgado, as súas modificacións aprobadas e as ordes dadas por escrito pola Administración.

O importe da prestación realizada, acreditarase por medio da presentación da factura correspondente, así como da documentación que, de estimarse precisa, xustifique a realización total ou parcial do contrato. Todo isto coa periodicidade que se estipula no punto 26 da carátula deste Prego, co carácter que lle atribue o artigo 99 do TRLCAP.

Cando así se estableza no punto 27 da carátula do Prego, poderanse verificar abonos a conta, previa petición escrita do contratista, por operacións preparatorias realizadas polo adxudicatario, como instalacións ou adquisicións de equipos e medios auxiliares, na forma e coas garantías que determinan os artigos 99 e 201 do TRLCAP e do Regulamento xeral da LCAP respectivamente.

16.- OBRIGAS DO CONTRATISTA.

.a.- É obriga do contratista o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

.b.- Cando o considere preciso a Administración municipal, o contratista está obrigado a conservar e a ter a disposición do responsable designado para a dirección e inspección da prestación ou prestacións obxecto do contrato, un libro de ordes dilixenciado previamente por dita administración no que, cando proceda, anotará as ordes, instrucións e comunicacións que estime oportunas, autorizandoas coa súa firma. O contratista estará obrigado por sí ou por medio do seu delegado a asinar o oportuno acuse de recibo de ditas instrucións.

.c.- O contratista será responsable da cualidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servicos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato, conforme ao establecido no artigo 97 do TRLCAP.

.d.- Será por conta do adxudicatario indemnizar, conforme ao disposto no artigo 97 do TRLCAP, os danos que se causen a terceiros.

.e.- Son de conta do contratista os gastos que se requiran para a obtención de licencias, documentos ou calquera información de organismos oficiais ou particulares. Así como, os tributos e, no seu caso, prezos públicos, que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes, e na forma e contía que estas sinalen.

.f.- Corresponde ao contratista a obtención de todas as autorizacións e licencias, tanto oficiais como particulares que se requiran para a realización da prestación.

.g.- O contratista facilitará á Administración, sen ningún coste adicional, cantos servicos profesionais se estimen necesarios por está para o correcto desenvolvemento e cumprimento do obxecto do contrato, como asistencia a reunións explicativas, información ao público, etc.

.h.- Todas as comunicacións que se deriven deste contrato ou do seu obxecto, xa sexan orais ou escritas, dirixidos a esta Administración ou a calquera outra entidade ou persoa, incluíndo a presenza pública mediante rótulos, avisos, sinais informativos, publicidade, etc., e, obviamente, do mesmo xeito, o obxecto do contrato en sí, estarán redactados en lingua galega de acordo co previsto no Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela, especialmente no seu artigo 8.

17.- TRABALLOS DEFECTUOSOS OU MAL EXECUTADOS.

.a.- Ata que transcorra o prazo de garantía fixado no punto 31 da carátula deste Prego, o contratista responderá da correcta realización dos traballos contratados e

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

dos defectos que neles houbera, sen que sexa eximente nin lle dé dereito algún a circunstancia de que os representantes da Administración os examinaran ou recoñeceran ou aceptaran en comprobacións, valoracións ou certificacións parciais.

.b.- O contratista quedará exento de responsabilidade cando o traballo defectuoso ou mal executado sexa consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración.

.c.- De advertirensen vicios ou defectos nos traballos realizados, a Administración poderá recusar os que estime non satisfactorios.

.d.- A recusación realizarase sempre por escrito motivado, o contratista terá dereito a reclamar ante Administración no prazo de dez días naturais a contar da notificación por parte da Administración do referido escrito.

18.- INCUMPRIMENTO DE PRAZOS.

.a.- A constitución en mora do contratista, non precisará intimación previa por parte da administración.

.b.- Se por causas imputables ao contratista, éste incorrera en demora respecto ao cumprimento do prazo toal establecido no punto 5 da carátula deste Prego, o órgano de contratación poderá optar indistintamente pola resolución do contrato con perda, no seu caso, da garantía ou pola imposición das penalidades establecidas no artigo 95.3 do TRLCAP, isto sen prexuízo da indemnización á Administración municipal dos danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada.

.c.- A demora no cumprimento dos prazos parciais establecidos, no seu caso, no punto 6 da carátula deste Prego, por causas imputables ao contratista, dará lugar a que o órgano de contratación poida optar indistintamente por calquera dos efectos previstos no parágrafo anterior para o incumprimento do prazo total do contrato.

.d.- A aplicación e pago de penalidades non exclúe a indemnización a que a Administración pode ter dereito por danos e prexuízos ocasionados polo retraso imputable ao contratista.

.e.- Nos supostos anteriores, cando o órgano de contratación opte pola resolución do contrato, ésta acordarase mediante o procedemento sumario regulado no artigo 96.1 do TRLCAP.

19.- MODIFICACIÓN E SUSPENSIÓN DO CONTRATO.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

.a.- No tocante as modificacións do contrato estarase ao establecido polo artigo 101, en relación co 59 do TRLCAP. Cando as modificacións do contrato supoñan a execución de traballos non valorables por aplicación do sistema establecido neste contrato, observarase o disposto no artigo 146.2 do TRLCAP.

.b.- No tocante a suspensión do contrato estarase ao establecido no artigo 102 do TRLCAP.

20.- REMATE DO CONTRATO.

O contratista comunicará a Administración municipal, por escrito, no prazo establecido no punto 28 da carátula deste Prego a realización da prestación ou prestacións obxecto do contrato. Neste escrito o contratista poderá solicitar da Administración municipal a recepción ou conformidade do realizado, achegando a súa solicitude os documentos e xustificantes que estime procedentes.

21.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO.

.a.- O contrato entenderase cumprido polo contratista cando éste realizara a totalidade do seu obxecto de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción da Administración

O punto 32 da carátula deste Prego expresará, no seu caso, a forma na que se levará a efecto a constatación da correcta execución da prestación.

.b.- En todo caso, a súa constatación esixirá por parte da Administración un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do prazo establecido no punto 29 da carátula deste Prego

O cómputo do prazo citado no parágrafo anterior comezará coa entrega ou total realización do obxecto do contrato.

Aos efectos expresados, o Técnico municipal designado examinará, no seu caso, a documentación entregada, e en todo caso determinará se a prestación ou prestacións realizadas polo contratista se axustan as prescricións técnicas e reunen as condicións establecidas para a execución e cumprimento do contrato, se as considera cumpridas extenderá o documento de recepción –acta- correspondente, que subscribirá coa súa sinatura.

A acta de recepción fará referencia expresa ao cumprimento do contrato, por parte do contratista, de acordo aos termos do mesmo e a satisfacción da Administración municipal.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

.c.- No caso de que o Técnico municipal estimase incumpridas as prescricións técnicas do contrato, procederase na forma establecida no artigo 203.1 do Regulamento xeral da LCAP.

.d.- Se a prestación ou prestacións non reuniran as condicións necesarias para proceder a súa recepción requirírase, no seu caso, a realización das prestacións contratadas e a subsanación dos defectos observados con ocasión da súa recepción conforme ao sinalado no artigo 204.2 do Regulamento xeral da LCAP.

En ningún caso se procederá á recepción ata que as instrucións dadas foran cumpridas.

Se os traballos efectuados non se adecúan a prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Administración municipal poderá rexeitar a mesma quedando exenta da obriga de pago ou tendo dereito, no seu caso, a recuperación do prezo satisfeito.

.e.- O contratista terá dereito a coñecer e ser oído sobre as observacións que se formulen en relación co cumprimento da prestación contratada.

O prazo de garantía sinalado, no seu caso, no punto 31 da carátula deste Prego, comezará a contar a partir da data de recepción ou conformidade da prestación ou prestacións obxecto do contrato.

Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a subsanación dos mesmos.

.f.- Dentro do prazo dun mes a contar desde a data da acta de recepción, deberá, no seu caso, acordarse e ser notificada ao contratista a liquidación correspondente do contrato e aboarselle o saldo resultante.

.g.- Aprobada a liquidación do contrato, se non resultasen responsabilidades que deban exercitarse sobre a garantía transcorrido o prazo de garantía consignado, no seu caso, no punto 31 da carátula deste Prego, sen que a Administración formalizara algún dos reparos ou a denuncia a que se refire o artigo 213.3 do TRLCAP, dicitarse acordo de devolución daquela ou de cancelación do aval.

Transcorrido un ano desde a data de terminación do contrato, sen que o acto formal de conformidade e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, a devolución ou cancelación da garantía,

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 43, nin a Administración formalizara os reparos ou denuncias aos que se refire o artigo 213.3 do TRLCAP.

22.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

.a.- Son causas de resolución do contrato, ademáis das sinaladas no artigo 111 do TRLCAP, as relacionadas no artigo 214 do mesmo texto legal, e que son as seguintes:

- A suspensión por causa imputable á Administración da iniciación do contrato por prazo superior a seis meses a partir da data sinalada no mesmo para o seu comezo.
- O desistimento ou a suspensión do contrato por prazo superior a un ano acordada pola Administración.
- As modificacións no contrato, aínda que foran sucesivas, que impliquen, aislada ou conxuntamente, alteracións do prezo do contrato en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por 100 do prezo primitivo do contrato, con exclusión do Imposto sobre o Valor Engadido, ou representen unha alteración substancial do mesmo.

.b.- Ademáis das previstas no TRLCAP, son causa de resolución do contrato as que especificamente establece este Prego. A estes efectos, poderán constituir causa de resolución o incumprimento do contratista de calquera das obrigas establecidas nos Pregos aprobados ou no resto dos documentos contractuais, e o incumprimento das determinacións contidas na súa oferta, especialmente as ponderadas no seu momento para efectuar a adxudicación do contrato.

.c.- Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, respecto das causas de resolución contempladas neste Prego ou no TRLCAP, poderán ser tamén causas de resolución as seguintes:

- O incumprimento das ordes da Administración municipal dictadas en execución das potestades atribuídas polo ordeamento xurídico ou polos Pregos aprobados.
- Ademáis da declaración de quebra e de suspensión de pagos, a presentación ante os xulgados dos correspondientes expedientes de solicitude.
- O inicio, en relación co contratista, de calquera procedemento que poidera dar lugar a declaración de prohibición de contratar coa Administración, aínda que esta non se producira todavía.

.d.- Os efectos da resolución determinaranse de acordo co establecido nos artigos 113 e 215 do TRLCAP.

23.- PROTECCIÓN DE DATOS.

23.1.- Confidencialidade e protección de datos.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

A empresa adjudicataria comprométese a tratar de xeito confidencial calquera información á que tivera acceso durante a prestación dos servizos obxecto de contrato, e que teña a consideración de confidencial.

A tales efectos, non terían a consideración de confidenciais os datos que:

- .- Sexan de dominio público ou que pasen a ser de dominio público durante o desenvolvemento do proxecto.
- .- Sexan lexitimamente recibidos pola empresa adjudicataria dun terceiro.

De igual xeito, a empresa adjudicataria responsabilizarase do cumprimento das obrigas de confidencialidade por parte do persoal ó seu servizo que participe no proxecto.

De conformidade co previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, no que se refire ó acceso de datos de carácter persoal vinculado á prestación de servizos por conta de terceiros, o persoal da empresa manterá a máis estricta confidencialidade sobre a información subministrada polo Concello de Santiago de Compostela con motivo da execución do presente traballo, comprometéndose a protexer axeitadamente e facer que se utilice a devandita información unicamente para o cumprimento dos obxectivos do proxecto.

Unha vez cumpridos ós servizos ós que se refire o presente Prego, calquera documento que conteña datos confidenciais, sexa cal sexa o soporte, deberá ser destruído ou devolto ó Concello.

A creación por parte do adjudicatario de calquera ficheiro con datos de carácter persoal que poida necesitar para a prestación do servizo, requirirá dunha aprobación expresa e escrita por parte do Concello, para o que entregará toda a información que se lle requira sobre a súa estrutura, utilización, medidas de seguridade, usuarios e correspondentes permisos, etc.

23.2.- Destino e propiedade intelectual

Sen prexuízo do disposto na normativa aplicable respecto á propiedade intelectual, o adjudicatario e todo o persoal externo que participe neste proxecto, aceptan expresamente que a propiedade intelectual dos produtos obtidos no desenvolvemento do mesmo corresponden ó Concello de Santiago de Compostela con exclusividade e a todos os efectos e, en consecuencia, non poderán ser reproducidos total ou parcialmente sen a previa e expresa autorización escrita do Concello.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

En consecuencia, todos os traballos realizados polo adxudicatario e por calquera dos seus empregados para a execución deste proxecto, serán propiedade exclusiva do Concello. Nin a empresa adxudicataria nin os seus empregados poderán utilizar os devanditos traballos ou facilitar o acceso ós mesmos a terceiras persoas, físicas ou xurídicas, sen a correspondente autorización e consentimento expreso e por escrito do órgano competente do Concello.

A empresa adxudicataria e os empregados da mesma que participen nos traballos, ou que teñan coñecemento dos mesmos, deberán manter absoluta confidencialidade

24.- XURISDICCIÓN COMPETENTE.

Contra todos os acordos que poñan fin á vía administrativa poderanse interpoñer os recursos administrativos ou xurisdiccionais que procedan conforme a lexislación aplicable.

Os litixios que poideran derivarse do presente contrato entenderanse sempre sometidos á Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con renuncia expresa de calquera outro Tribunal.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

ANEXO I

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D/D^a, con domicilio en,
 , rúa, C.P., teléfono, e NIF,
 con plena capacidade de obrar, en nome propio / ou en representación da empresa
, con domicilio en
, rúa, C.P., teléfono
, e CIF

DECLARO

- I. Que coñezo o anuncio de licitación para a adxudicación do contrato de consultoría e asistencia técnica para o, asesoramento e colaboración na inspección fiscal do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana do Concello de Santiago de Compostela, polo procedemento aberto e forma de adxudicación de concurso.
- II. Que tamén coñezo o prego de prescricións técnicas e o de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Concello, e os seus respectivos anexos que van rexer este contrato, e o resto de documentación contractual, que expresamente asumo e acato na súa totalidade, sen ningunha salvedade.
- III. Que, xunto con esta proposición económica, presento a documentación que sinala o punto 7.2.2. do prego de cláusulas administrativas particulares, e en sobre aparte, "sobre B", a documentación correspondente á alinea 7.3 do citado prego.
- IV. Que me comprometo a realizar o obxecto deste contrato de consultoría e asistencia técnica ofertando á seguinte porcentaxe _____ % (poñer en letras e cifras), de conformidade co apartado 2 da carátula anexa a este prego
- V. Que me comprometo tamén á execución do contrato con suxeición aos pregos aprobados e aos textos legais que o rexen.

En, o de de 2004.

Asdo.:
 NIF:



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

Sello

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a, con domicilio en -----
, rúa, C.P., teléfono, e NIF,
con plena capacidade de obrar, en nome propio / ou en representación da empresa
....., con domicilio en
....., rúa, C.P., teléfono
....., e CIF; para os efectos que establece o punto 7.3.4 do prego
de cláusulas administrativas particulares, aprobado para rexer o contrato de consultoría e
asistencia técnica para a formación, asesoramento e colaboración na inspección fiscal do
impuesto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana do Concello de
Santiago de Compostela.

DECLARO

- I. Que coñexo o anuncio de licitación, por concurso e procedemento aberto, para a adxudicación de concurso de referencia
- II. Que nin o que subscribe individualmente esta proposición / ou nin a sociedade, asociación, etc. que represento, nin os seus administradores nin representantes, están incurso/s nas prohibicións para contratar previstas no artigo 20 do TRLCAP.
- III. Que, como empresario individual/ ou a sociedade, asociación, etc. á que represento, estou/está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes, nos termos que establecen os artigos 13 e 14 do Regulamento Xeral da LCAP.
- IV. Que, como empresario individual/ ou a sociedade, asociación, etc. á que represento, non teño/ten debidas de natureza tributaria co Concello de Santiago de Compostela, nas condicións que sinala o artigo 13.1.d) do Regulamento Xeral da LCAP.

En, o de de 2004.

Asdo.:
NIF:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

ANEXO III

COMPROMISO DE U.T.E

D/D^a, con domicilio en -----
 , rúa, C.P., teléfono, e NIF,
 con plena capacidade de obrar, en nome propio / ou en representación da empresa
, con domicilio en
, rúa, C.P., teléfono
, e CIF

D/D^a, con domicilio en -----
 , rúa, C.P., teléfono, e NIF,
 con plena capacidade de obrar, en nome propio / ou en representación da empresa
, con domicilio en
, rúa, C.P., teléfono
, e CIF

I. Obríganse conxunta e solidariamente en réxime de agrupación temporal a executar o contrato de consultoría e asistencia técnica para o asesoramento e colaboración na inspección fiscal do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana do Concello de Santiago de Compostela, consonte cos pregos aprobados e demais documentación contractual, que asumimos expresamente e acatamos na súa totalidade, sen ningunha salvedade.

II. A participación con que concorren á agrupación temporal cada unha das empresas é a seguinte:

EMPRESA	PORCENTAXE
.....(nome da empresa).....
.....(nome da empresa).....
.....(nome da empresa).....

III. Désígnase a D/D^a, con CIF, como representante ou apoderado único da UTE, con poderes abondos para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se deriven do contrato, durante a vixencia e ata a súa extinción, para que ostente a plena representación das empresas fronte ao Concello de Santiago de Compostela.

IV. Comprométense a constituirse formalmente en unión temporal para o caso de resultaren adxudicatarios do contrato.

En, o de de 2004.



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

Sello

Asdo.:
NIF:

Asdo.:
NIF:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

CARÁTULA DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DE CONSULTORIA E ASISTENCIA TÉCNICA PARA O ASESORAMENTO E COLABORACIÓN NA INSPECCIÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATURALEZA URBANA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLO PROCEDIMENTO ABERTO E A FORMA DE ADXUDICACIÓN DE CONCURSO.

1. OBXECTO DO CONTRATO

O asesoramento e colaboración na inspección do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU) nos períodos impositivos 2002, 2003 2004 e 2005, de acordo co sinalado polo Prego de prescricións técnicas redactado polo Servicio de xestión, recadación e inspección do Concello de Santiago de Compostela.

O Prego de prescricións técnicas, entre outros extremos, describe as prestación de asesoramento e colaboración que constituen o obxecto do contrato, a forma e os medios cos que deberán executarse.

Os actos que supoñan exercicio de autoridade corresponderán, en todo caso, ao persoal que ostente a condición de funcionario público.

- código da nomenclatura de clasificación nacional de produtos por actividades 1996 (CNPA 1996) que corresponde ao obxecto do contrato:
75.11.12.30

- xustificación da súa necesidade para os fins do servizo público correspondente: Incremento da recadación voluntaria dos padróns postos ao cobro, evitar a evasión e fraude fiscal, transmitir sensación de control e de xusta distribución das cargas tributarias.

2. ORZAMENTO DO GASTO

O orzamento de licitación é de 180.000 euros. Este importe é estimativo, e está calculado sobre a base da porcentaxe máxima de licitación indicada no sistema de determinación quedando fixada definitivamente na adxudicación.

- Sistema de determinación do prezo: Consonte coa modalidade deste contrato o orzamento máximo do gasto será a suma do 30 por cento das cantidades recadadas nos procedementos de inspección e nos procedementos sancionadores derivados do contrato, IVE e demais exaccións ou tributos incluídos, debendo as empresas licitadoras realizar as ofertas á baixa sobre este porcentaxe.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

3. EXISTENCIA DE CRÉDITO

A partida orzamentaria que da cobertura o gasto é a _____, tendo o carácter de ampliable.

4. REVISIÓN DE PREZOS

Non procede.

5. PRAZO DO CONTRATO

Doce (12) meses.

6. PRAZOS DE CUMPRIMENTO PARCIAL

Nos primeiros 9 meses de vixencia do contrato executaranse a totalidade das actividades de asesoramento e colaboración. Os últimos 3 meses a empresa adxudicataria limitarase a presentar factura en función das cantidades efectivamente recadadas, non podendo xa efectuar actuacións inspetoras nin liquidadoras.

7. PRÓRROGA DO CONTRATO

Este contrato non se prorrogará.

8. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN

Aberto.

9. FORMA DE ADXUDICACIÓN

Concurso.

10. CRITERIOS OXECTIVOS QUE SERVIRÁN DE BASE PARA A ADXUDICACIÓN, RELACIONADOS POR ORDE DECRECENTE DE IMPORTANCIA EN FUNCIÓN DA PONDERACIÓN QUE SE LLES ATRIBÚE.

- Plan de traballo: 60 puntos.

Atenderase aos seguintes factores:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

- 1.- Medios personais con titulación específica para a dirección e execución dos traballos. Pondérase ata un máximo de 25 puntos.
- 2.- Plan de control tributario. Pondérase ata un máximo de 20 puntos.
- 3.- Procedementos e métodos de autoavaliación da calidade. Pondérase ata un máximo de 10 puntos.
- 4.- Disponibilidade de aplicación informática específica. Pondérase ata un máximo de 5 puntos.

Oferta económica: 30 puntos.

Asignarase 30 puntos á maior baixa no prezo e de xeito proporcional a ditos puntos ás baixas inferiores.

Melloras: 10 puntos.

11.DOCUMENTACIÓN QUE DEBE PRESENTAR O LICITADOR, XUNTO COA PROPOSICIÓN ECONÓMICA, NO SOBRE A) PARA OS EFECTOS DE ACREDITAR QUE CUMPRE OS CRITERIOS QUE SERVIRÁN DE BASE PARA A ADXUDICACIÓN E, DE SER O CASO, DE PONDERACIÓN POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL.

- Memoria detallada do Plan de traballo que os licitadores propoñan para realizar as prestacións de asesoramento e colaboración que o contrato comprende, tendo en conta para elo as especificacións técnicas que establece o punto 2 do Prego de prescricións técnicas.

Aos efectos de coñecemento e valoración, por parte do Concello, do documento citado, a memoria incluírá un plan de control tributario conforme os contidos establecidos no Prego de prescricións técnicas.

Expresará, ademáis, os procedementos que seguerá para levar a cabo as prestacións de asesoramento e colaboración previstas no Prego de prescricións técnicas citado, así como para realizar o seguemento e avaliación das actuacións levadas a cabo.

Asi mesmo, describirá polo miúdo os medios personais e materiais que integre no contrato, con especial referencia ás características do persoal a adscribir ao contrato e ás funcionalidades da aplicación informática que o licitador vaia poñer a disposición deste Concello.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

- **Relación detallada de melloras ofertadas** polos licitadores que aumenten a cualidade das prestacións previstas polos Pregos aprobados, ben entendido que non suporán coste adicional para o Concello.

12. TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

Ordinaria.

13. TRAMITACIÓN ANTICIPADA

No.

14. ÓRGANO E MESA DE CONTRATACIÓN

.- **Órgano de contratación:** En virtude do disposto polo artigo 21.1.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de réxime local, na nova redacción dada pola Ley 57/2003, de 16 de decembro, e consonte co decreto de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, de data 17 de xuño de 2003, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.

.- Mesa de contratación:

Presidente:

O Alcalde ou concelleiro no que delegue.

Vocais:

Un representante de cada grupo municipal
O Sr. Subinspector Fiscal
O Sr. Tesoureiro municipal
O Sr. Director da asesoría xurídica municipal
O Sr Interventor municipal.

Secretario:

Actuará como Secretario o xefe de sección de contratación.

15. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

.- **Prazo:** Ata as 14:00 horas do decimoquinto día natural. Comezara a contar dende o seguinte ao da derradeira das publicacións que corresponde facer no B.O.P de A Coruña e no D.O. de Galicia. Non obstante se o último día do prazo fora domingo ou

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

coincidira con día festivo en Santiago, aquel prazo se posporá ata a mesma hora do seguinte día hábil.

.- **Lugar:** Rexistro xeral do Concello de Santiago de Compostela.

.- **Lugar onde se poden examinar os pregos aprobados e demais documentación de interese:** Servizo de contratación do Concello de Santiago de Compostela. Teléfono 981-54.30.33. Correo Electrónico: plopezb@aytocompostela.es

16.CONDICIÓN DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA

A acreditación do cumprimento das condicións de solvencia económica, financeira e técnica, poderá realizarse a través dos medios que establece, expresamente, o apartado 7.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares, en base ao previsto polos artigos 16 e 19 do Real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aprobou o TRLCAP.

17. OUTRA DOCUMENTACIÓN ESIXIBLE

Non procede.

18.GARANTÍA PROVISIONAL

2% do tipo de licitación: 3.600 euros.

19.APERTURA DE OFERTAS

A apertura de plicas terá lugar na Casa do Concello ás 10.30 horas do segundo día hábil seguinte ao que se sinala como último para a presentación de ofertas. De coincidir sábado a apertura realizarase o primeiro día hábil seguinte.

20.GARANTÍA DEFINITIVA

SETE MIL DOUSCENTOS EUROS (7.200 euros)

21.GARANTÍA ADICIONAL

Non se esixe.

22.GARANTÍA COMPLEMENTARIA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

Non se esixe.

23. GASTOS DE ANUNCIOS

A cargo do contratista. Punto 11.c do Prego de cláusulas administrativa particulares. En cumprimento do disposto no artigo 67.2 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aprobou o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, o importe máximo dos gastos de publicidade de licitación deste contrato será de 1.500 euros.

24. PÓLIZAS DE SEGURO

As esixidas no punto 11.d do Prego de cláusulas administrativas particulares.

25. PRÓGRAMA DE TRABALLO

O que resulte da proposición adxudicada, aprobado, no seu caso, pola Administración municipal.

26. FORMA DE PAGAMENTO

De acordo co sinalado no punto 9 do Prego de prescricións técnicas.

27. ABOAMENTOS A CONTA

O contratista ten dereito ao aboamento a boa conta, de acordo cos prezos acordados, dos traballos que realmente execute con suxeición ao contrato formalizado, ás súas modificación aprobadas e ás ordes dadas por escrito pola Administración.

Tal e como se recolle no punto 9 do Prego de prescricións técnicas, facturárase bimensualmente achegando a relación de ingresos producidos na conta a dito efecto habilitada. En todo caso as facturas deberán ter o visto e prace do Subinspector fiscal.

28. PRAZO PARA COMUNICAR Á ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL A REALIZACIÓN TOTAL DA PRESTACIÓN OU PRESTACIÓNS OBXECTO DO CONTRATO

Quince (15) días.

29. PRAZO DE RECEPCIÓN OU DE CONFORMIDADE DO CONTRATO.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

Un (1) mes.

30. LUGAR OU LUGARES DE EXECUCIÓN DA PRESTACIÓN OU PRESTACIÓNS OBJECTO DO CONTRATO.

O contratista deberá manter durante a execución do contrato unha oficina de traballo, coa conformidade do órgano de contratación, situada no casco urbano de Santiago de Compostela. Na oficina tamén se desenvolverán tarefas de atención e información ao contribuínte a respecto dos datos obxecto deste contrato.

31. PRAZO DE GARANTÍA

Dada a natureza do contrato non se establece.

32. FORMA DE CONSTATAÇÃO, POR PARTE DO CONCELLO, DA CORRECTA EXECUCIÓN DAS PRESTACIÓNS OBJECTO DE CONTRATO.

O Subinspector Fiscal procederá ao exame e comprobación detallados das propostas de liquidación para determinar se foron realizadas de acordo co contrato.

Se, como consecuencia do exame e comprobación detallada, o Subinspector fiscal atopa as propostas de liquidación conformes, emitirá o seu informe favorable e continuará a tramitación.

Cando as propostas de liquidación non estean conformes, o Subinspector Fiscal dará, por escrito, ao contratista, as instrucións que considere necesarias co obxecto de remediar á súa custa as faltas ou defectos observados, fixándolle o prazo para facelo, compatible co prazo total do contrato, expirado o cal e realizada nova entrega, procederá, en igual forma, a un novo exame e comprobación detallados. Se, transcorrido o dito prazo, o contratista non cumprixe, e sempre que non lle quede tempo disponible do prazo do contrato, resolverase con perda da fianza por non acabar os traballos dentro do prazo estipulado, a non ser que a Administración crea oportuno concederlle un novo prazo, que será improrrogable. Se existe reclamación por parte do contratista a respecto das observacións e instrucción formuladas polo Subinspector Fiscal, este elevaraaas, co seu informe, ao órgano de contratación. Se o contratista non reclamase, por escrito, dentro do prazo de dez días, contados a partir da recepción do escrito do subinspector fiscal, entenderase que está conforme.

Unha vez notificadas as propostas de liquidación, o Subinspector Fiscal emitirá informe con proposta de aprobación definitiva das liquidacións.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONPI1H1	<i>Expediente</i> CON/198/2005	<i>Fecha</i> 07-09-05 10:54

33.COMPROBACIÓNS QUE SE RESERVA A ADMINISTRACIÓN NO RECOÑECEMENTO DO MATERIAL NO MOMENTO DA RECEPCIÓN DO CONTRATO.

Unha vez realizada a entrega de todos os traballos o Subinspector fiscal, despois do seu exame e comprobación, formulará o seu informe.

Se o dito informe é favorable, procederase á recepción dentro do mes seguinte de se ter producido a entrega dos traballos, á que concorrerán o Subinspector fiscal, o funcionario que ostente a representación do órgano que celebrou o contrato, o contratista ou o seu representante autorizado e, se é o caso, o representante da Intervención.

Se se considera que o traballo reúne as condicións debidas darase por recibido, redactando para este efecto a acta correspondente.

Se os traballos non reunisen as condicións necesarias para proceder á súa recepción, dictaranse, por escrito, ao contratista as instrucións oportunas para que emende os defectos observados e cumpra as súas obrigas no prazo que para iso se fixe, que será sen sanción, non procedendo a recepción dos traballos ata que as ditas instrucións sexan cumpridas, caso no que se redactará a acta correspondente. O seu incumprimento sen motivo xustifico será causa de rescisión, con perda da fianza.